



# A intelixencia artificial na cultura galega: coñecemento, usos e opinións

DOI: 10.17075/iacgcuo.2024

A chegada da intelixencia artificial (IA) xerativa pode supoñer potencialmente, ou xa está *de facto* a facelo, unha revolución en moitos dos eidos de actividade, coas vantaxes e desvantaxes que pode levar consigo e que poden ter maior ou menor influencia, segundo o sector de actividade específico do que se trate.

Nos últimos anos, pero dun xeito máis intenso e acelerado nos máis recentes, a IA introduciuse en varios aspectos da vida cotiá da cidadanía a través da tecnoloxía elemental que lle proporciona o seu smartphone ou

.....

PC para comunicacións ou lecer, aplicacións que facilitan o acceso e contacto coas administracións públicas. En moitos casos, ese contacto coa IA é previo ao seu uso profesional e serve para rachar barreiras de entrada. Pero, ademais de saber que existe a IA e as súas potencialidades, é tamén importante dispor do coñecemento necesario para utilizala.

A IA xerativa no sector cultural pode implicar un importante salto na transformación dixital das empresas e entidades, que se traduza nun aumento do rendemento, nunha mellor interacción cos públicos grazas ao coñecemento das súas demandas e á personalización das experiencias que se lle ofrecen, nunha posibilidade para difundir a cultura e a lingua —algo especialmente interesante no caso das linguas minoritarias— ou nunha ferramenta para a recuperación e conservación do patrimonio. Pero tamén pode introducir riscos considerables, como a substitución da creatividade humana por unha artificial, a reprodución de nesgos e a vulneración de certas leis ou preceptos comunmente aceptados e protexidos sobre propiedade intelectual, entre outros ámbitos.

No momento actual, cando aínda son máis as incertezas que as evidencias sobre o que pode chegar a implicar a introdución da IA no sector cultural, resulta interesante analizar a opinión dos/as profesionais da cultura galega, tanto para coñecer o grao en que se van implantando as distintas ferramentas da IA nas súas entidades, como para recoller as consideracións, prognósticos ou previsións que manteñen con respecto ás consecuencias, de carácter positivo ou negativo, que pode ter no sector a aplicación desta tecnoloxía. Como se verá neste informe, non son poucas as persoas entrevistadas que confían nas vantaxes da IA, pero tamén temen as súas posibles consecuencias negativas. O que si mostran con claridade os datos é que a IA chegou para quedar no sector cultural e que a súa presenza se vai ampliar notablemente nos vindeiros anos.

Neste informe achégase unha primeira medición destas variables que servirá de punto de referencia para vindeiras avaliacións e que presenta un interesante coñecemento sincrónico a día de hoxe, o cal facilitará *a posteriori* un seguimento diacrónico dos avances da implantación da IA no sector da cultura galega.

.....

Este documento é unha explotación do *Barómetro da cultura galega* de 2024, que constitúe un instrumento para a análise e o seguimento do estado e da evolución do sector cultural en Galicia. O universo de estudo está constituído por entidades empresariais, profesionais autónomos, administracións públicas e tecido asociativo do sector cultural galego. A finalidade é recoller datos e opinións das persoas responsables destas entidades co obxecto de avaliar aspectos como ingresos, emprego, tendencias de mercado, investimentos en dixitalización ou internacionalización das actividades culturais. Proporciona unha visión detallada do impacto económico, social e tecnolóxico no ámbito cultural e permite identificar fortalezas, debilidades e oportunidades de desenvolvemento dentro do sector. A recollida de datos para a edición do *Barómetro* de 2024 levouse a cabo entre o 10 de xaneiro e o 24 de febreiro e proporcionou unha matriz de 1.018 entidades entrevistadas, sobre un deseño inicial de 1.000.

No presente traballo úsanse variables explicativas para caracterizar a mostra e facer cruzamentos. Malia que estes se fan con todas as clasificacións, só se describen aquelas que amosaron diferenzas estatisticamente significativas. A primeira é a de actividade específica de cada entidade: artes visuais (deseño, fotografía, creación artística e de fabricación e comercio de bens relacionados con elas, así como arquitectura e publicidade); audiovisual e actividades relacionadas (radio, televisión, cine, vídeo e música gravada); edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas; educación cultural (academias e escolas de música, artes visuais, baile, teatro etc.); comercio de libros e publicacións periódicas; artes gráficas e actividades relacionadas; museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural; actividades das administracións públicas (departamentos de cultura de concellos, deputacións e administración autonómica); música; bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas; e teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas.

A segunda é por tipo de organización: empresas, profesionais autónomos, Administración pública (calquera entidade de carácter público independentemente da actividade desenvolta) e entidades sen fin de lucro. A terceira variable é a facturación no caso das empresas e profesionais autónomos ou o orzamento da organización para as administracións e enti-

dades sen ánimo de lucro. Tamén se analiza o volume de persoal para describir o tamaño das empresas e, por último, o hábitat poboacional de localización das entidades.

Este informe analiza os resultados das preguntas relativas á intelixencia artificial cruzando os datos obtidos polas variables xerais utilizadas no *Barómetro* mencionadas anteriormente. Tras unha breve introdución metodolóxica, o primeiro apartado aborda o coñecemento que teñen as persoas enquisadas do concepto de intelixencia artificial e do uso desta ferramenta no traballo da entidade, tanto no presente como a posibilidade de empregala a curto prazo (nun horizonte de tres anos). Por último, neste apartado tamén se quixo indagar sobre o grao de coñecemento das persoas enquisadas acerca da lei que nese momento estaba elaborando o Parlamento Europeo para garantir que os sistemas de IA que se introduzan no mercado europeo sexan seguros e respecten os dereitos fundamentais e os valores da Unión Europea.

O segundo apartado céntrase no impacto, tanto positivo como negativo, que pode ter a intelixencia artificial no sector cultural en opinión das persoas entrevistadas. Por un lado, analízanse as oportunidades que pode ofrecer, por exemplo a oferta cultural personalizada, o acceso máis inclusivo e democrático aos contidos culturais, a protección do patrimonio ou oportunidades para as linguas minoritarias. Por outro lado, menciónanse os posibles efectos que pode producir esta tecnoloxía en termos de ameazas á privacidade, á propiedade intelectual, á perda de postos de traballo ou á asistencia a eventos culturais. Finalmente, indagouse sobre a postura favorable ou desfavorable das persoas entrevistadas en relación coa utilización da intelixencia artificial, tanto en xeral como especificamente no sector cultural.


## **1. Coñecemento e uso da IA no sector cultural galego**

Este apartado aborda o grao de coñecemento da IA xerativa por parte dos/as responsables de entidades da cultura galega.

Máis da metade das persoas enquisadas (52,6%) recoñecen que non teñen suficientes coñecementos sobre a materia: un 42,3% indica que sabe algo pero non o suficiente e un 10,3% recoñece directamente que non

ten coñecemento do tema. No lado contrario, un 46,5% afirma que sabe o que é e que ten coñecementos cando menos elementais.

**Porcentaxe de persoas segundo o nivel de coñecemento da intelixencia artificial xerativa**



Fonte: Elaboración propia

A análise deste nivel de coñecemento e uso da IA por segmentos é significativa nos cruzamentos por actividade específica e por tipo de entidade. A través da primeira segmentación pode comprobarse que a maior porcentaxe das persoas que a coñecen e a saben empregar cando menos nun nivel elemental correspóndelles aos/ás profesionais do audiovisual (63,9%) e das artes visuais (61,8%), seguidos do persoal das entidades dedicadas á edición de libros (47,5%) e ao teatro, danza e outros espectáculos (40,5%). O coñecemento e o uso máis baixos son os que se observan entre as persoas que traballan nos departamentos de cultura das administracións públicas (18,8%), pero tamén fican por debaixo do 25% de coñecementos nesta materia as persoas enquisadas vinculadas á música, ao comercio de libros e publicación periódicas, e as relacionadas con arquivos e bibliotecas.

Por tipo de entidade obsérvase un marcado contraste entre, por un lado, empresas e profesionais autónomos, xa que saben o que é esta tecnoloxía e poden usala como mínimo cun coñecemento elemental (68,3% das persoas responsables das empresas e 46,9% dos profesionais autónomos),

e, por outro, as administracións públicas (33,3%) e as entidades sen ánimo de lucro (32,1%), cos índices de resposta positiva máis baixos. Neste punto cabe sinalar que entre os profesionais autónomos destaca a presenza de persoas que traballan nos ámbitos da tradución e do deseño gráfico.

**Porcentaxe de persoas segundo o seu nivel de coñecemento da intelixencia artificial xerativa, pola actividade específica e o tipo de entidade**


	Non ten coñecemento do tema	Sabe algo, pero non o suficiente	Sabe o que é e ten coñecementos cando menos elementais	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>				
Artes gráficas e actividades relacionadas	16,4	50,9	29,1	3,6
Comercio de libros e publicacións periódicas	18,7	57,1	24,2	0,0
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	6,8	44,1	47,5	1,7
Audiovisual e actividades relacionadas	4,1	32,0	63,9	0,0
Artes visuais	4,9	32,5	61,8	0,8
Música	15,2	56,5	23,9	4,3
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	13,1	45,2	40,5	1,2
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	17,4	50,8	30,3	1,5
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	11,0	64,8	24,2	0,0
Educación cultural	21,1	43,7	35,2	0,0
Actividades das administracións públicas	15,6	64,1	18,8	1,6
Total	10,3	42,3	46,5	1,0
<i>Tipo de entidade</i>				
Empresa	9,0	43,2	46,9	0,9
Profesional autónomo	5,8	25,6	68,3	0,2
Administración pública	16	50,4	33,3	0,4
Entidade sen ánimo de lucro	14,7	49,9	32,1	3,3
Total	10,3	42,3	46,5	1,0

Fonte: Elaboración propia

Máis alá do nivel de coñecemento sobre a IA xerativa, tamén resulta interesante medir o grao de uso desta tecnoloxía con fins profesionais. Un primeiro dato que cómpre sinalar é que a maioría das persoas enquisadas tiveron algún contacto coa IA, pois a porcentaxe das que afirman que nunca a empregaron sitúase no 44,2%. A porcentaxe das que a utilizaron algunha vez, pero máis por curiosidade que por un motivo profesional, é moi inferior e sitúase no 26,1%, cifra que se vai reducindo aínda máis ao incluír usos máis profesionais e frecuentes: un 18,5% empregouna algunha vez no

ámbito profesional e un 10,1% con moita frecuencia. En resumo, un 28,6% xa utilizou cando menos algunha vez esta tecnoloxía no traballo.

#### Porcentaxe de persoas segundo o emprego dalgún programa de IA



Fonte: Elaboración propia

Ao igual que no nivel de coñecemento, a análise por actividade específica volve amosar as maiores porcentaxes de uso no ámbito profesional nos segmentos do audiovisual (44,3%) e das artes visuais (43,1%), sectores que rexistran valores ao redor do 27% cando se trata do emprego puntual da IA no ámbito profesional e do 16,5% do seu uso algo máis frecuente. Do mesmo xeito, volve ser nos ámbitos específicos do comercio de libros e publicacións periódicas (6,6%), das actividades das administracións públicas (7,8%) e das vinculadas a arquivos e bibliotecas (8,8%) nos que se atopan as porcentaxes máis baixas de uso profesional da IA.

Como ocorría na variable sobre coñecemento da IA, tamén o seu uso profesional destaca entre profesionais autónomos (41,2%) e empresas (31,5%), mentres que se sitúa por debaixo do 20% no conxunto da Administración pública (13,3%) e nas entidades sen ánimo de lucro (18,5%).

A análise en función do volume de facturación/orzamento pon de manifesto que é nas empresas que acadan ou superan o medio millón de

euros anuais nas que en maior medida se usou a IA algunha vez para fins profesionais: un 37,2%, fronte a valores ao redor do 26,6%-28,6% nos tres segmentos inferiores.

### Porcentaxe de persoas segundo o emprego dalgún programa de IA

	Nunca	Algunha vez pero máis por curiosidade que no ámbito profesional	Algunha vez no ámbito profesional	Con certa frecuencia no ámbito profesional	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>					
Artes gráficas e actividades relacionadas	52,7	29,1	9,1	5,5	3,6
Comercio de libros e publicacións periódicas	75,8	15,4	3,3	3,3	2,2
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	41,5	32,2	16,9	9,3	0,0
Audiovisual e actividades relacionadas	33,0	21,6	27,8	16,5	1,0
Artes visuais	28,5	27,6	26,8	16,3	0,8
Música	58,7	21,7	10,9	6,5	2,2
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	51,2	25,0	16,7	6,0	1,2
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	58,3	24,2	12,1	4,5	0,8
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	65,9	25,3	5,5	3,3	0,0
Educación cultural	56,3	29,6	12,7	1,4	0,0
Actividades das administracións públicas	54,7	31,3	6,3	1,6	6,3
<b>Total</b>	<b>44,2</b>	<b>26,1</b>	<b>18,5</b>	<b>10,1</b>	<b>1,2</b>
<i>Tipo de entidade</i>					
Empresa	41,8	26,1	20,3	11,2	0,6
Profesional autónomo	36,9	21,2	21,0	20,2	0,8
Administración pública	55,8	29,5	11,7	1,6	1,4
Entidade sen ánimo de lucro	49,3	28,1	15,9	2,6	4,0
<b>Total</b>	<b>44,2</b>	<b>26,1</b>	<b>18,5</b>	<b>10,1</b>	<b>1,2</b>
<i>Facturación en 2023</i>					
Menos de 50.000 €	42,5	29,9	17,8	9,0	0,9
De 50.000 € a 149.999 €	46,1	25,7	15,5	11,1	1,7
De 150.000 € a 499.999 €	50,4	19,3	17,4	11,3	1,6
500.000 € ou máis	34,7	27,7	28,5	8,7	0,4
Ns/Nc	42,2	29,1	16,1	12,7	0,0
<b>Total</b>	<b>44,2</b>	<b>26,1</b>	<b>18,5</b>	<b>10,1</b>	<b>1,2</b>
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>					
Ningún, só voluntariado	39,5	26,8	15,7	18,0	0,0
1 ou 2 empregados/as	40,4	27,7	18,5	11,9	1,5
De 3 a 5 empregados/as	48,6	23,6	15,1	11,6	1,1
De 6 a 10 empregados/as	50,1	16,8	19,1	12,6	1,4
Máis de 10 empregados/as	43,4	32,2	21,7	2,4	0,3
Ns/Nc	30,2	28,8	41,0	0,0	0,0
<b>Total</b>	<b>44,2</b>	<b>26,1</b>	<b>18,5</b>	<b>10,1</b>	<b>1,2</b>

Fonte: Elaboración propia


A variable que indaga sobre a existencia na organización dalgún proxecto específico relacionado coa IA evidencia un grao de implantación aínda



moi baixo. De acordo cos datos de 2023, só un 6,9% das entidades da mostra puxo en marcha algún proxecto relacionado coa IA, porcentaxe á que se podería engadir o 8% das que non o teñen pero o están a desenvolver. Isto dá como resultado que nun 14,9% de entidades a posta en marcha da IA é xa un feito ou vai selo en breve. Por outra parte, un 13,5% das entidades da mostra aínda non está a desenvolver un proxecto específico de IA pero si o ten previsto.

Con estes datos, o 70,1% das entidades enquisadas non ten en marcha nin ten previsto implantar ningún proxecto de IA na organización, porcentaxe moi elevada que previsiblemente se irá reducindo nos vindeiros anos. O que indican os datos recollidos nestas dúas variables analizadas é que os profesionais do sector van por diante das súas organizacións no uso da IA.

**Porcentaxe de entidades que están a desenvolver algún proxecto específico relacionado coa IA ou teñen previsto desenvolvelo**



Fonte: Elaboración propia

Segundo a actividade específica á que se dedica a entidade, o segmento de artes visuais que, xunto co do audiovisual, resultaba máis destacado no co-

ñecemento da IA é o que en maior medida afirma que dispón xa de proxectos específicos relacionados coa intelixencia artificial (14,6%) e o segundo no que máis entidades din que están a desenvolver algún (9,8%). O sector que máis avanzou neste sentido é o da educación cultural, que rexistra unha porcentaxe dun 14,1%. Se se observa de maneira agregada a porcentaxe de organizacións que dispoñen xa dalgún proxecto relacionado coa IA ou o están a desenvolver son eses dous sectores mencionados os que obteñen o índice máis elevado de participación en proxectos de IA (24,5% e 16,9%, respectivamente), pero tamén supera a media da mostra o das artes gráficas (16,4%).

No extremo contrario, a porcentaxe de entidades que nin teñen nin prevén poñer en funcionamento algún proxecto relacionado coa IA supera o 80% no caso do comercio de libros (92,3%), a música (88%), as bibliotecas e arquivos (84,6%) e os departamentos de cultura das administracións públicas (84,4%), xustamente os ámbitos que recoñecían que tiñan un menor coñecemento nesta materia.

Outro cruzamento significativo nesta análise rexístrase en función do tipo de entidade. Segundo esta variable, ponse de manifesto unha maior implantación da IA (efectiva ou en marcha) nas empresas (16,5%) e entre os profesionais autónomos (16,1%), fronte ao 12,4% das administracións públicas e ao 9% das entidades sen ánimo de lucro. Esa porcentaxe agregada das que comezaron ou están a desenvolver algún proxecto de IA na organización é maior canto máis elevada é a súa facturación anual: os valores pasan do 12,3% das que non chegan aos 50.000 euros ao 27,8% das que acadan ou superan o medio millón de euros.

**Porcentaxe de entidades que están a desenvolver algún proxecto específico relacionado coa IA ou teñen previsto desenvolvelo**

	Non o están a desenvolver nin o teñen previsto	Non o están a desenvolver pero téñeno previsto	Están a desenvolvelo	Xa o puxeron en marcha	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>					
Artes gráficas e actividades relacionadas	65,5	16,4	9,1	7,3	1,8
Comercio de libros e publicacións periódicas	92,3	5,5	1,1	0,0	1,1
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	66,9	17,8	6,8	5,9	2,5
Audiovisual e actividades relacionadas	64,9	20,6	9,3	4,1	1,0
Artes visuais	60,2	13,8	9,8	14,6	1,6
Música	88,0	8,7	1,1	1,1	1,1

## DOCUMENTOS DE TRABALLO

Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	78,6	15,5	3,6	2,4	0,0
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	74,2	12,1	6,1	5,3	2,3
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	84,6	9,9	2,2	1,1	2,2
Educación cultural	74,6	8,5	14,1	2,8	0,0
Actividades das administracións públicas	84,4	6,3	6,3	0,0	3,1
<b>Total</b>	<b>70,1</b>	<b>13,5</b>	<b>8,0</b>	<b>6,9</b>	<b>1,5</b>
<i>Tipo de entidade</i>					
Empresa	67,1	15,4	9,4	7,1	1,0
Profesional autónomo	69,0	14,3	2,4	13,7	0,6
Administración pública	77,3	9,0	9,3	3,1	1,4
Entidade sen ánimo de lucro	76,2	9,5	7,0	2,0	5,3
<b>Total</b>	<b>70,1</b>	<b>13,5</b>	<b>8,0</b>	<b>6,9</b>	<b>1,5</b>
<i>Facturación en 2023</i>					
Menos de 50.000 €	73,3	12,8	6,9	5,5	1,6
De 50.000 € a 149.999 €	74,0	11,6	6,6	6,6	1,2
De 150.000 € a 499.999 €	72,9	11,7	8,0	6,6	0,8
500.000 € ou máis	49,2	20,8	14,6	13,2	2,1
Ns/Nc	71,7	21,2	1,6	0,0	5,5
<b>Total</b>	<b>70,1</b>	<b>13,5</b>	<b>8,0</b>	<b>6,9</b>	<b>1,5</b>

Fonte: Elaboración propia



Prevese que a presenza de IA se incrementará notablemente nos vindeiros anos, pois cando se lles preguntou pola posibilidade de implantala nun horizonte de tres anos, tan só o 32,1% das entidades enquisadas estiman que non a usarán na súa organización, mentres que o 42,9% considera que a usará nalgúns procesos e o 20,6% que o fará en moitos.

As previsións de uso son aínda maiores cando se realizan sobre o conxunto do sector de actividade, pois nese caso baixa ata o 10,3% a porcentaxe das persoas que cren que non se incorporará a IA no sector nese horizonte temporal. Consecuentemente, elévase ao 51,4% a porcentaxe de quen pensa que se usará para algúns procesos e ao 34,7% a de quen cre que o sector a utilizará en moitos dos seus procesos.

### Porcentaxe de entidades segundo a posibilidade de usar a intelixencia artificial nun horizonte de 3 anos

	No sector de actividade	Na entidade
Non se usará	10,3	32,1
Usarase nalgúns procesos	51,4	42,9
Usarase en moitos dos procesos	34,7	20,6
Ns/Nc	3,5	4,3

Fonte: Elaboración propia



No caso das previsións para o conxunto do sector, no cruzamento por actividade específica volven ser os segmentos das artes visuais e do audiovisual os que máis destacan, neste caso pola súa convicción de que no prazo de 3 anos a IA se empregará en moitos procesos: así o afirman o 52% e o 41,2% das entidades deses segmentos. Tamén achega unha porcentaxe destacada o da edición de libros (39,8%). No caso contrario, os eidos que en maior medida prevén que non usarán a IA son os do comercio de libros (25,3%), a música (23,9%) e as bibliotecas e arquivos (20,9%). Ademais, pode observarse que son os departamentos de cultura das administracións os que en maior medida apostan polo uso da IA no sector, pero só para algúns procesos (68,8%). En todo caso, salvo no segmento das artes visuais, no que predomina a confianza en que a IA se empregará para moitos dos procesos, nos restantes a resposta máis citada é que se usará só nalgúns.

Outro cruzamento significativo é o do tipo de entidade. Neste caso o segmento en que predomina a previsión de que no curto prazo o sector utilice a IA para moitos dos seus procesos é o dos profesionais autónomos (56,3%). Outro segmento destacado na mesma liña é o das empresas, pero no seu caso é maior a previsión dun uso para algúns procesos (50,9%) que para a maior parte deles (35,2%). Tamén nos dous restantes, administracións públicas e entidades sen ánimo de lucro, predomina a resposta que apunta cara a un uso limitado nalgúns procesos: 65,5% e 57%, respectivamente. Porén, a confianza en que se usará en boa parte dos procesos sitúase por debaixo do 23%.

Na liña desa maior aposta por un uso frecuente da IA no sector no curto prazo por parte dos profesionais autónomos, o cruzamento polo volume de efectivos destaca esa maior confianza nas entidades con 1 ou 2 traballadores/as —nas que se sitúan a práctica totalidade dos/as profesionais autónomos/as— (43,4%), fronte a valores que non pasan do 31% nos demais treitos analizados. En calquera caso, nos cinco segmentos do cruzamento menos dun 15% das persoas enquisadas considera que a IA non terá presenza no seu sector.



**Porcentaxe de entidades segundo a posibilidade de usar a intelixencia artificial no seu sector de actividade nun horizonte de 3 anos**

	Non se usará	Usarase nalgúns procesos	Usarase en moitos dos procesos	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>				
Artes gráficas e actividades relacionadas	14,5	58,2	25,5	1,8
Comercio de libros e publicacións periódicas	25,3	51,6	14,3	8,8
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	5,9	48,3	39,8	5,9
Audiovisual e actividades relacionadas	6,2	52,6	41,2	0,0
Artes visuais	5,7	39,8	52	2,4
Música	23,9	63	8,7	4,3
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	13,1	63,1	19,0	4,8
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	12,9	60,6	20,5	6,1
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	20,9	60,4	14,3	4,4
Educación cultural	12,7	63,4	21,1	2,8
Actividades das administracións públicas	4,7	68,8	20,3	6,3
<b>Total</b>	<b>10,3</b>	<b>51,4</b>	<b>34,7</b>	<b>3,5</b>
<i>Tipo de entidade</i>				
Empresa	10,6	50,9	35,2	3,3
Profesional autónomo	7,2	35,1	56,3	1,3
Administración pública	10,7	65,5	19,9	3,8
Entidade sen ánimo de lucro	13,2	57,0	22,5	7,2
<b>Total</b>	<b>10,3</b>	<b>51,4</b>	<b>34,7</b>	<b>3,5</b>
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>				
Ningún, só voluntariado	14,8	48,0	30,0	7,2
1 ou 2 empregados/as	8,5	45,0	43,4	3,1
De 3 a 5 empregados/as	11,8	53,5	31,0	3,7
De 6 a 10 empregados/as	13,3	56,6	25,3	4,8
Máis de 10 empregados/as	10,3	59,7	26,8	3,2
Ns/Nc	5,2	44,1	50,7	0,0
<b>Total</b>	<b>10,3</b>	<b>51,4</b>	<b>34,7</b>	<b>3,5</b>

Fonte: Elaboración propia

No que atinxe ás previsións de uso da IA na propia entidade, o cruzamento por actividade específica revela que o prognóstico de que nos próximos tres anos se use en moitos procesos só predomina nas entidades das artes visuais (35%). A previsión contraria, a de que non se usará, cando menos nese curto prazo, predomina no caso do comercio de libros (54,9%), o teatro e a danza (46,4%), as bibliotecas e arquivos (46,2%) e a música (45,7%). Nos restantes segmentos do cruzamento en función da actividade específica predomina a idea de que utilizarán a IA, aínda que só para algúns procesos. Cabe apuntar que só un 18,6% das empresas do audiovisual considera que non empregará esta tecnoloxía nos vindeiros tres anos.

Segundo a facturación anual, a previsión de que as propias entidades utilizarán a IA só para algúns procesos predomina nos catro segmentos analizados, con valoracións superiores por parte das que facturan máis, un 51,8% no caso das que superan os 500.000 euros fronte a un 40,1% das que están por debaixo dos 50.000 euros. É precisamente neste segmento económico inferior no que maior peso porcentual ten a opinión de que a entidade non usará a IA no curto prazo (38,3%), cifra que cae ata o 14,1% entre as de 500.000 ou máis. Son xustamente as empresas que se sitúan no intervalo máis elevado de facturación/orzamento as que en maior medida consideran que a usarán para moitos procesos (32,1%).

A afirmación de que se usará a IA para algúns procesos é tamén a máis sinalada canto maior é o cadro de persoal, pois pasa do 36,1% das entidades con só 1 ou 2 empregados/as ao 56,3% das que teñen máis de 10, resposta que é predominante nos catro intervalos. No segmento restante, o das entidades que só contan con persoal voluntario, a resposta máis habitual indica que non utilizarán a IA (62,9%). Só o 7% destas entidades afirma que no prazo de tres anos a utilizará para moitos procesos, resposta que acada a súa porcentaxe máis elevada entre as entidades con 1 ou 2 traballadores/as (23,2%).

**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre a posibilidade de usar a intelixencia artificial na súa entidade nun horizonte de 3 anos**

	Non se usará	Usarase nalgúns procesos	Usarase en moitos dos procesos	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>				
Artes gráficas e actividades relacionadas	32,7	47,3	18,2	1,8
Comercio de libros e publicacións periódicas	54,9	34,1	2,2	8,8
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	33,1	44,1	17,8	5,1
Audiovisual e actividades relacionadas	18,6	50,5	28,9	2,1
Artes visuais	28,5	32,5	35,0	4,1
Música	45,7	43,5	2,2	8,7
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	46,4	45,2	7,1	1,2
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	39,4	42,4	9,8	8,3
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	46,2	41,8	5,5	6,6
Educación cultural	28,2	60,6	9,9	1,4
Actividades das administracións públicas	26,6	60,9	6,3	6,3
Total	32,1	42,9	20,6	4,3
<i>Tipo de entidade</i>				
Empresa	28,2	42,7	25,4	3,7
Profesional autónomo	40,3	30,6	26,4	2,7

## DOCUMENTOS DE TRABAJO

Administración pública	30,6	57,5	7,4	4,5
Entidade sen ánimo de lucro	42,1	40,5	7,7	9,7
<b>Total</b>	<b>32,1</b>	<b>42,9</b>	<b>20,6</b>	<b>4,3</b>
<i>Facturación en 2023</i>				
Menos de 50.000 €	38,3	40,1	16,8	4,8
De 50.000 € a 149.999 €	34,6	41,4	20,6	3,3
De 150.000 € a 499.999 €	31,4	44,8	18,7	5,0
500.000 € ou máis	14,1	51,8	32,1	2,0
Ns/Nc	23,7	34,3	25,9	16,2
<b>Total</b>	<b>32,1</b>	<b>42,9</b>	<b>20,6</b>	<b>4,3</b>
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>				
Ningún, só voluntariado	62,9	23,1	7,0	7,0
1 ou 2 empregados/as	35,6	36,1	23,2	5,1
De 3 a 5 empregados/as	32,5	43,0	19,3	5,3
De 6 a 10 empregados/as	28,8	46,8	21,7	2,6
Máis de 10 empregados/as	25,6	56,3	15,5	2,6
Ns/Nc	10,0	44,1	45,8	0,0
<b>Total</b>	<b>32,1</b>	<b>42,9</b>	<b>20,6</b>	<b>4,3</b>


Fonte: Elaboración propia

Ao tratarse dunha nova tecnoloxía cun grande impacto potencial sobre as dinámicas sociais, económicas e culturais, que pode achegar vantaxes pero tamén riscos, as institucións nacionais e internacionais están dando os primeiros pasos no desenvolvemento normativo para obter o máximo proveito posible das primeiras e evitar os segundos. A ese respecto, aproveitouse a enquisa para indagar tamén sobre o grao de información das persoas que están á fronte das entidades culturais galegas sobre a lei que está a preparar o Parlamento Europeo co propósito de garantir que os sistemas de IA que se introduzan no mercado europeo sexan seguros e respecten os dereitos fundamentais e os valores da Unión Europea.

As respostas obtidas mostran que un 37% das persoas enquisadas considera que ten información sobre esta cuestión. A esa porcentaxe podería engadirse o 36,3% que cre que sabe algo do tema, de modo que o 73,3% das persoas entrevistadas coñece que se está a desenvolver unha lexislación europea sobre o uso da IA. O 26% restante reconece que non sabe que se está levando a cabo este desenvolvemento normativo.



**Porcentaxe de persoas que están informadas sobre o feito de que o Parlamento Europeo está a traballar nunha lei para garantir que os sistemas de IA que se introduzan no mercado europeo sexan seguros e respecten os dereitos fundamentais e os valores da Unión Europea**



Fonte: Elaboración propia

Na análise segmentada cómpre prestar atención á porcentaxe das persoas que en cada segmento din que non saben nada sobre a lexislación que está a preparar o Parlamento Europeo. Por actividade específica, esa porcentaxe atopa o seu valor máis alto entre as entidades dedicadas á música (41,3%), pero tamén supera o 30% nos museos (32,6%), as bibliotecas e arquivos (31,9%), teatro e danza (31%) e artes visuais (30,1%), mentres que entre as respostas do sector audiovisual e da edición de libros e publicacións periódicas o descoñecemento total deste labor lexislativo cae ata o 14,4% e 16,1%, respectivamente. Ademais, nestes segmentos a contestación máis frecuente é a de quen afirma que ten información ao respecto: un 58,8% entre as empresas do audiovisual e un 44,9% entre as de edición de libros e publicacións periódicas.

O cruzamento por tipo de entidade non amosa diferenzas salientables entre os segmentos no que atinxe á resposta negativa, pero permite comprobar que son os profesionais autónomos os que en maior medida se declaran informados (45,5%), porcentaxe que se sitúa nun



37,4% no caso das empresas e que fica nun 31,2% nas administracións públicas e as entidades sen ánimo de lucro.

**Porcentaxe de persoas que están informadas sobre o feito de que o Parlamento Europeo está a traballar nunha lei para garantir que os sistemas de IA que se introduzan no mercado europeo sexan seguros e respecten os dereitos fundamentais e os valores da Unión Europea**

	Non o sabía	Escoitei algo, pero apenas sei do tema	Si, teño información ao respecto	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>				
Artes gráficas e actividades relacionadas	29,1	49,1	20,0	1,8
Comercio de libros e publicacións periódicas	24,2	46,2	28,6	1,1
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	16,1	38,1	44,9	0,8
Audiovisual e actividades relacionadas	14,4	26,8	58,8	0,0
Artes visuais	30,1	31,7	37,4	0,8
Música	41,3	31,5	25,0	2,2
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	31,0	33,3	34,5	1,2
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	32,6	35,6	29,5	2,3
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	31,9	36,3	31,9	0,0
Educación cultural	28,2	45,1	26,8	0,0
Actividades das administracións públicas	26,6	51,6	21,9	0,0
<b>Total</b>	<b>26,0</b>	<b>36,3</b>	<b>37,0</b>	<b>0,8</b>
<i>Tipo de entidade</i>				
Empresa	26,5	35,6	37,4	0,5
Profesional autónomo	23,2	30,7	45,5	0,6
Administración pública	26,2	42,6	31,2	0,0
Entidade sen ánimo de lucro	27,3	37,9	31,2	3,7
<b>Total</b>	<b>26,0</b>	<b>36,3</b>	<b>37,0</b>	<b>0,8</b>


Fonte: Elaboración propia

## 2. Valoración do posible impacto da IA na cultura

Neste apartado analízase o grao de acordo das persoas enquisadas cunha serie de afirmacións, tanto positivas como negativas, sobre o potencial impacto da IA no sector cultural, co fin de explorar a perspectiva dos responsables das entidades da mostra de estudo.

O 43,2% das persoas que compoñen a mostra amósase moi ou bastante de acordo coa afirmación de que a IA axudará a configurar unha oferta cultural personalizada ao identificar os gustos de cada usuario, pero a porcentaxe das que discrepan nalgunha medida con esta idea é 5 puntos porcentuais superior (49,6%). Por este motivo, as visións sobre a cuestión da posibilidade de personalizar a oferta cultural móstranse moi divididas, cun lixeiro predominio da visión negativa.

**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a introdución da IA no sector cultural axudará a ofrecer unha oferta cultural personalizada ao identificar os gustos de cada usuario**



Fonte: Elaboración propia

Por tipo de entidade, a porcentaxe de persoas da mostra que se amosan bastante ou moi de acordo<sup>1</sup> coa idea de que a IA axudará a mellorar a oferta cultural ou a favorecer o coñecemento dos gustos do público acadan o 48,6% entre as que responden dende as administracións públicas e o 46,1% dende as empresas, pero non pasa do 31,6% no caso dos profesionais autónomos. Por nivel de facturación, son as entidades que acadan ou superan os 500.000 euros anuais as máis convencidas de tal vantaxe da IA, 55,5%, fronte a valores entre o 39,2% e o 44,6% dos tres treitos económicos inferiores.

<sup>1</sup> É a suma das columnas que indican “Moi de acordo” + “Bastante de acordo”.


**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a introdución da IA no sector cultural axudará a ofrecer unha oferta cultural personalizada ao identificar os gustos de cada usuario**

	Moi de acordo	Bastante de acordo	Pouco de acordo	Nada de acordo	Ns/Nc
<i>Tipo de entidade</i>					
Empresa	8,9	37,3	32,9	14,8	6,2
Profesional autónomo	3,8	27,6	28,9	27,0	12,6
Administración pública	10,4	38,2	32,1	13,7	5,6
Entidade sen ánimo de lucro	5,9	31,3	34,4	21,2	7,2
Total	8	35,2	32,3	17,3	7,3
<i>Facturación en 2023</i>					
Menos de 50.000 €	6,7	33,1	29,6	21,2	9,5
De 50.000 € a 149.999 €	6,8	37,8	35,3	14,8	5,2
De 150.000 € a 499.999 €	7,5	31,7	33,1	20,4	7,3
500.000 € ou máis	13,4	42,1	29,5	8,8	6,1
Ns/Nc	14,6	26,0	41,3	12,6	5,5
Total	8,0	35,2	32,3	17,3	7,3

Fonte: Elaboración propia

A afirmación de que a IA poderá dar lugar a unha produción cultural que reproduza nesgos e prexuízos, como a discriminación por xénero, racial ou sobre gustos non maioritarios dos consumidores culturais é compartida polo 45,7% da mostra, porcentaxe que supera en 4,6 puntos a das persoas que discrepan (41,1%). Por esta razón, tamén nesta ocasión a mostra se presenta moi dividida e cun lixeiro predominio das opinións negativas sobre o impacto da IA. Tamén cómpre destacar que a falta de resposta neste caso se eleva ata o 13,3%.

**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a introdución da IA no sector cultural implicará unha produción cultural que reproduza nesgos e prexuízos, como a discriminación por xénero, racial ou sobre gustos non maioritarios dos consumidores culturais**



Fonte: Elaboración propia

Por tipo de entidade, a afirmación formulada en termos críticos é maioritaria entre os profesionais autónomos (59,5%) e as administracións públicas (46%). Entre empresas e entidades sen ánimo de lucro é maior a porcentaxe de persoas que discrepan coa citada afirmación (43% e 45,8%, respectivamente).


**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a introdución da IA no sector cultural implicará unha produción cultural que reproduza nesgos e prexuízos, como a discriminación por xénero, racial ou sobre gustos non maioritarios dos consumidores culturais**

	Moi de acordo	Bastante de acordo	Pouco de acordo	Nada de acordo	Ns/Nc
Empresa	10,3	32,4	28,2	14,8	14,3
Profesional autónomo	15,9	43,7	10,8	17,4	12,3
Administración pública	14,7	31,2	30,2	14,0	9,8
Entidade sen ánimo de lucro	13,1	26,6	29,1	16,7	14,5
Total	12,2	33,4	25,8	15,3	13,3

Fonte: Elaboración propia

Apenas un terzo da mostra de estudo (32,7%) se amosa bastante ou moi de acordo coa posibilidade de que a IA chegue a facilitar un acceso máis inclusivo e democrático aos contidos culturais, idea coa que se atopa en maior ou menor grao de desacordo o 58,2%, polo que neste punto é claramente predominante a visión contraria ao impacto positivo da IA na democratización do acceso a cultura.

**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a introdución da IA no sector cultural facilitará un acceso máis inclusivo e democrático aos contidos culturais**



■ Moi de acordo      ■ Bastante de acordo      ■ Pouco de acordo  
 ■ Nada de acordo      ■ Ns/Nc

Fonte: Elaboración propia

Pese a non ser o signo de resposta predominante, a porcentaxe agregada das respostas que expresan acordo coa posibilidade de que a IA facilite un uso máis inclusivo e democrático dos contidos culturais acada o seu valor máis alto entre as persoas que responden dende algún ente da Administración pública (39,9%). O valor máis baixo vén da man dos profesionais autónomos (21,7%).

**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a introdución da IA no sector cultural facilitará un acceso máis inclusivo e democrático aos contidos culturais**


	Moi de acordo	Bastante de acordo	Pouco de acordo	Nada de acordo	Ns/Nc
<i>Tipo de entidade</i>					
Empresa	5,5	28,5	35,5	22,2	8,3
Profesional autónomo	2,3	19,4	36,5	30,6	11,1
Administración pública	7,2	32,7	35,4	18,9	5,8
Entidade sen ánimo de lucro	2,4	29,4	33,1	20,5	14,7
Total	4,9	27,8	35,4	22,8	9,0
<i>Facturación en 2023</i>					
Menos de 50.000 €	3,5	26,6	36,4	24,8	8,7
De 50.000 € a 149.999 €	5,2	30,7	33,4	22,2	8,4
De 150.000 € a 499.999 €	3,4	28,5	33,4	25,3	9,5
500.000 € ou máis	9,0	27,0	41,0	16,8	6,2
Ns/Nc	13,0	9,5	30,6	14,3	32,7
Total	4,9	27,8	35,4	22,8	9,0

Fonte: Elaboración propia

Aínda maior que no caso anterior, ata o punto de que case se pode falar de consenso, resulta o grao de acordo coa afirmación de que a introdución da IA suporá un cambio nas competencias dos profesionais do sector que esixirá formación específica, enunciado co que se amosan bastante ou moi de acordo o 80,7% das persoas entrevistadas e só discrepa o 14,5%. Trátase dunha variable para cuxa resposta semella que hai poucas dúbidas, pois só o 4,8% da mostra optou por responder "Ns/Nc".



**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a introdución da IA no sector cultural suporá un cambio nas competencias dos profesionais do sector, polo que precisarán de formación específica**



Fonte: Elaboración propia

A análise por actividade específica sinala que os segmentos do audiovisual, das artes escénicas, dos museos e das bibliotecas e arquivos son os que en maior medida apoian a afirmación de que a introdución da IA no sector suporá un cambio nas competencias dos/as profesionais e obrigará a implantar unha formación específica, con valores entre o 84,5% e o 89%, que contrastan co 62% do segmento da música e o 64,8% do de comercio de libros.

A outra variable de segmentación que suscita bastante ou moito acordo por parte do 71% das persoas correspóndese coas entidades cunha facturación en 2023 entre 150.000 euros e 499.999 ao ano. A realidade é que non se atopa unha tendencia clara de que unha maior ou menor facturación incida na resposta.

**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a introdución da IA no sector cultural suporá un cambio nas competencias dos profesionais do sector, polo que precisarán de formación específica**

	Moi de acordo	Bastante de acordo	Pouco de acordo	Nada de acordo	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>					
Artes gráficas e actividades relacionadas	27,3	47,3	16,4	7,3	1,8
Comercio de libros e publicacións periódicas	27,5	37,4	13,2	9,9	12,1
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	35,6	39,8	10,2	8,5	5,9


## DOCUMENTOS DE TRABALLO

Audiovisual e actividades relacionadas	45,4	39,2	10,3	2,1	3,1
Artes visuais	37,4	50,4	7,3	0,8	4,1
Música	14,1	47,8	19,6	9,8	8,7
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	35,7	36,9	10,7	10,7	6,0
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	42,4	44,7	4,5	4,5	3,8
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	44,0	45,1	4,4	3,3	3,3
Educación cultural	38,0	40,8	14,1	4,2	2,8
Actividades das administracións públicas	31,3	45,3	12,5	4,7	6,3
<b>Total</b>	<b>36,5</b>	<b>44,2</b>	<b>10,2</b>	<b>4,3</b>	<b>4,8</b>
<i>Facturación en 2023</i>					
Menos de 50.000 €	33,1	48,9	9,7	3,2	5,2
De 50.000 € a 149.999 €	41,4	42,9	7,6	4,6	3,5
De 150.000 € a 499.999 €	31,2	39,8	15,7	6,2	7,1
500.000 € ou máis	40,3	44,8	9,8	2,9	2,1
Ns/Nc	52,7	27,6	1,7	7,8	10,2
<b>Total</b>	<b>36,5</b>	<b>44,2</b>	<b>10,2</b>	<b>4,3</b>	<b>4,8</b>

Fonte: Elaboración propia

O 55,1% das persoas entrevistadas declárase pouco ou nada de acordo co enunciado que describe que a introdución da IA no sector cultural supón unha vantaxe para as linguas minoritarias como o galego ao facilitar a difusión e o acceso a contidos nesa lingua. A porcentaxe das que se amosan bastante ou moi de acordo fica no 36%.

**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a introdución da IA no sector cultural será unha oportunidade para linguas minoritarias como o galego (facilitará a difusión e o acceso a contidos nesas linguas etc.)**



Fonte: Elaboración propia

Na análise segmentada compróbase que en ningún cruzamento se rexistra unha manifestación de acordo (bastante ou moi de acordo) que supere a das persoas que mostran o seu desacordo con esta afirmación. En función do tipo de entidade pódense resaltar porcentaxes de acordo co enunciado por riba do 40% no caso das administracións públicas (40,7%) e as entidades sen ánimo de lucro (42,2%), que contrastan co 25,1% rexistrado entre os profesionais autónomos.


**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a introdución da IA no sector cultural será unha oportunidade para linguas minoritarias coma o galego (facilitará a difusión e o acceso a contidos nesas linguas etc.)**

Tipo de entidade	Moi de acordo	Bastante de acordo	Pouco de acordo	Nada de acordo	Ns/Nc
Empresa	7,5	29,0	35,9	18,5	9,2
Profesional autónomo	2,0	23,2	38,8	28,9	7,1
Administración pública	12,3	28,4	34,3	17,8	7,2
Entidade sen ánimo de lucro	5,3	36,9	30,5	14,0	13,4
Total	7,2	28,8	35,5	19,6	9,0

Fonte: Elaboración propia

O consenso entre as persoas enquisadas volve ser notable ante a afirmación de que a introdución da IA podería supor un risco para a privacidade e a protección de datos persoais: manifestouse bastante ou moi de acordo o 83,7% da mostra e só o 11,4% en desacordo.

**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a introdución da IA no sector cultural, ao requirir o uso de grandes cantidades de datos persoais, suporá un risco para a privacidade e a protección de datos de carácter persoal**



- Moi de acordo
- Bastante de acordo
- Pouco de acordo
- Nada de acordo

Fonte: Elaboración propia



Pola súa significación neste caso, cómpre prestar atención ao cruzamento por volume de traballadores/as das entidades. Pódese comprobar que o acordo coa posibilidade de que a IA supoña un risco para a privacidade e a protección de datos chega ao 88,2% nas que contan con 1 ou 2 empregados/as e ao 84,5% nas de máis de 10, mentres fica entre o 78% e o 79,3% nos tres treitos restantes.


**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión respecto se a irrupción da IA no sector cultural, ao requirir o uso de grandes cantidades de datos persoais, suporá un risco para a privacidade e a protección de datos de carácter persoal**

	Moi de acordo	Bastante de acordo	Pouco de acordo	Nada de acordo	Ns/Nc
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>					
Ningún, só voluntariado	56,6	22,0	3,5	7,2	10,7
1 ou 2 empregados/as	48,4	39,8	4,7	2,0	5,1
De 3 a 5 empregados/as	45,0	32,8	13,1	2,8	6,2
De 6 a 10 empregados/as	39,5	39,8	12,2	5,2	3,4
Máis de 10 empregados/as	41,3	43,3	9,0	2,8	3,6
Ns/Nc	28,8	71,2	0,0	0,0	0,0
Total	45,0	38,8	8,6	2,8	4,9

Fonte: Elaboración propia

O 62% da mostra declarouse bastante ou moi de acordo coa afirmación de que a introdución da IA no sector axudará na preservación do patrimonio cultural ao analizar e catalogar gran cantidade de contidos e ao contribuír a restaurar obras de arte etc. Se ben a porcentaxe de persoas que se manifestaron en desacordo é elevada (29,5%), o certo é que resulta claramente inferior á das que se amosaron de acordo. Con estes datos, esta é a única variable desta batería de cuestións sobre posibles vantaxes e desvantaxes da introdución da IA no sector na que un enunciado formulado en positivo suscita máis acordo que desacordo.

**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a introdución da IA no sector cultural axudará na preservación do patrimonio cultural ao analizar e catalogar gran cantidade de contidos e ao contribuír a restaurar obras de arte (pictóricas, fotográficas, musicais etc.)**



Fonte: Elaboración propia

Por tipo de entidade, o acordo é maioritario nas catro categorías, cun 49,5% de respostas positivas no caso dos profesionais autónomos, que ascende a cifras de conformidade de entre o 62% e o 69,9% nos outros tres tipos de entidades do cruzamento.

En función do volume de persoal, o acordo tamén é maioritario en todos os segmentos, pero mentres que se sitúa no 48% nas entidades con só persoal voluntario, chega ao 70,3% nas que contan con 10 ou máis empregados/as.

**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a irrupción e introdución da IA no sector cultural axudará na preservación do patrimonio cultural ao analizar e catalogar gran cantidade de contidos e ao contribuír a restaurar obras de arte (pictóricas, fotográficas, musicais etc.)**


	Moi de acordo	Bastante de acordo	Pouco de acordo	Nada de acordo	Ns/Nc
<i>Tipo de entidade</i>					
Empresa	13,5	48,9	20,5	9,0	8,1
Profesional autónomo	10,4	39,1	24,1	15,6	10,8
Administración pública	20,0	49,8	19,5	4,5	6,1
Entidade sen ánimo de lucro	19,3	47,7	15,5	6,5	11,0
Total	14,7	47,3	20,4	9,1	8,5
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>					
Ningún, só voluntariado	15,5	32,5	33,9	3,5	14,6

1 ou 2 empregados/as	11,0	44,5	21,9	12,6	10,0
De 3 a 5 empregados/as	15,1	51,4	18,3	7,6	7,6
De 6 a 10 empregados/as	13,3	49,1	22,1	7,9	7,6
Máis de 10 empregados/as	23,7	46,6	17,9	4,7	7,1
Ns/Nc	10,0	74,6	15,3	0,0	0,0
Total	14,7	47,3	20,4	9,1	8,5

Fonte: Elaboración propia

A posibilidade de que a introdución da IA no sector cultural supoña unha ameaza ao facer posible a suplantación de identidades e as hipertrucaxes (*deepfakes*) xera tamén un amplo consenso entre as persoas enquisadas, polo que é a afirmación en termos negativos que suscita maior acordo, pois amósase moi ou bastante a favor o 84,3% da mostra e só o 10,7% indica algún grao de desacordo.

**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a irrupción e introdución da IA no sector cultural suporá unha ameaza ao facer posible a suplantación de identidades e as hipertrucaxes (*deepfakes*)**



Fonte: Elaboración propia

Na análise por volume de persoal das entidades da mostra, só no segmento das que dispoñen de voluntariado se observa un valor por debaixo do 80% (71,4%) de contestacións positivas e destaca a porcentaxe de respostas “Ns/Nc”, que ascende ata o 17,9%. Nos restantes segmentos as porcentaxes de acordo coa afirmación sitúanse entre o 80,3% e o 86,4%.


**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a irrupción e introdución da IA no sector cultural suporá unha ameaza ao facer posible a suplantación de identidades e as hipertrucaxes (*deepfakes*)**

	Moi de acordo	Bastante de acordo	Pouco de acordo	Nada de acordo	Ns/Nc
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>					
Ningún, só voluntariado	51,8	19,6	0,0	10,7	17,9
1 ou 2 empregados/as	41,3	45,1	6,4	1,4	5,8
De 3 a 5 empregados/as	44,2	36,1	11,8	3,5	4,4
De 6 a 10 empregados/as	37,5	47,8	9,8	2,8	2,2
Máis de 10 empregados/as	47,6	36,9	6,7	3,4	5,4
Ns/Nc	17,4	82,6	0,0	0,0	0,0
Total	42,6	41,7	8,1	2,6	5,0

Fonte: Elaboración propia

O enunciado que afirma a posibilidade de que a introdución da IA no sector cultural axude a xerar contidos culturais orixinais logra o acordo do 39,2% das entidades, cifra relativamente elevada pero que se ve superada polo 55,2% das persoas que mostran o seu desacordo con respecto a esa aseveración.

**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a introdución da IA no sector cultural axudará a xerar contidos culturais orixinais (de tipo musical, literario, audiovisual, artístico etc.)**



■ Moi de acordo      ■ Bastante de acordo      ■ Pouco de acordo  
 ■ Nada de acordo      ■ Ns/Nc

Fonte: Elaboración propia

Un primeiro dato que cómpre destacar na táboa de segmentación é que a resposta agregada que expresa desacordo co enunciado é maioritaria en case todos os segmentos dos cruzamentos significativos, é dicir, tipo de

entidade e volume de facturación. A única excepción é a constituída polo segmento de maior facturación, é dicir, de 500.000 euros en diante, no que o acordo é 7 décimas superior ao desacordo, o que en termos prácticos supón un equilibrio entre ambas as posturas.

Por tipo de entidade, as maiores porcentaxes de acordo coa aseveración son as achegadas polas empresas (42,1%) e as administracións públicas (41,4%), mentres que entre os profesionais autónomos só se manifes-tan de acordo o 30,1% e en desacordo o 66,1%.

Recóllense maiores porcentaxes agregadas de respostas que apuntan cara ao acordo canto maior é o treito de facturación da entidade: os valores pasan do 48,4% do intervalo de 500.000 euros en diante ao +/- 37% dos dous de menos de 150.000 euros.


**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a irrupción e introdución da IA no sector cultural axudará a xerar contidos culturais orixinais (de tipo musical, literario, audiovisual, artístico etc.)**

	Moi de acordo	Bastante de acordo	Pouco de acordo	Nada de acordo	Ns/Nc
<i>Tipo de entidade</i>					
Empresa	10,0	32,1	29,5	22,4	5,9
Profesional autónomo	7,3	22,8	31,4	34,7	3,8
Administración pública	12,7	28,7	34,1	20,2	4,4
Entidade sen ánimo de lucro	6,6	28,2	26,1	30,5	8,6
Total	9,6	29,6	30,2	25,0	5,6
<i>Facturación en 2023</i>					
Menos de 50.000 €	11,8	25,5	31,1	27,1	4,5
De 50.000 € a 149.999 €	4,4	31,9	29,1	26,5	8,1
De 150.000 € a 499.999 €	9,3	30,9	30,3	24,6	4,8
500.000 € ou máis	14,4	34,0	29,7	18,0	3,9
Ns/Nc	16,5	22,1	33,8	18,2	9,4
Total	9,6	29,6	30,2	25,0	5,6

Fonte: Elaboración propia

Outra posible desvantaxe da incorporación da IA no eido cultural, que sinala que suporá unha homoxeneidade na produción e unha redución da orixinalidade e variedade de contidos, e polo tanto unha perda de autenticidade e diversidade, suscita o acordo do 68,8% da mostra, fronte a un 25,2% que discrepa en maior ou menor medida con este enunciado.

**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a introdución da IA no sector cultural suporá unha homoxeneidade na produción e unha redución da orixinalidade e da variedade de contidos, e polo tanto unha perda de autenticidade e diversidade**



Fonte: Elaboración propia

Por tamaño da entidade en función do seu volume de persoal, o segmento das que contan só con 1 ou 2 empregados/as é o que en maior medida subscribe o enunciado (74,3%). O único segmento dese cruzamento no que a afirmación é inferior ao 60% é o das entidades que só contan con persoal voluntario (59%).

**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a irrupción e introdución da IA no sector cultural suporá unha homoxeneidade na produción e unha redución da orixinalidade e da variedade de contidos, e polo tanto unha perda de autenticidade e diversidade**


	Moi de acordo	Bastante de acordo	Pouco de acordo	Nada de acordo	Ns/Nc
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>					
Ningún, só voluntariado	25,2	33,8	15,7	14,4	10,9
1 ou 2 empregados/as	36,3	38,0	13,7	6,7	5,3
De 3 a 5 empregados/as	24,8	38,7	23,4	5,6	7,6
De 6 a 10 empregados/as	27,5	38,8	17,7	9,5	6,5
Máis de 10 empregados/as	30,9	34,0	20,8	9,4	4,9
Ns/	33,3	61,5	5,2	0,0	0,0
Total	31,1	37,7	17,9	7,4	6,0

Fonte: Elaboración propia

Outro enunciado formulado en termos negativos, o que sinala que a introdución da IA no sector cultural suporá a perda de postos de traballo, volve

suscitar maior porcentaxe agregada de respostas que expresan acordo (56,2%) que de respostas que discrepan (39,3%), polo que se pode incluír esta afirmación dentro das que suscitan maior división de opinións.

**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a introdución da IA no sector cultural suporá a perda de postos de traballo no seu sector**



■ Moi de acordo    ■ Bastante de acordo    ■ Pouco de acordo  
 ■ Nada de acordo    ■ Ns/Nc

Fonte: Elaboración propia

Segundo o tipo de entidade de que se trate, o acordo coa afirmación de que a introdución da IA no sector cultural suporá unha perda de postos de traballo chega ao 68,9% no caso dos profesionais autónomos, mentres que fica ao redor do 51% no caso das administracións públicas e das entidades sen ánimo de lucro. Por volume de facturación, a porcentaxe de persoas que consideran posible este suposto é maior canto menor é o treito económico: pasa do 45,6% do segmento de medio millón de euros en diante ao 63,1% do de menos de 50.000 euros. De feito, entre as empresas de maior facturación predomina o desacordo con esta afirmación (51,8%). Finalmente, por tamaño do cadro de persoal, a maior porcentaxe de acordo é a do segmento das entidades con só 1 ou 2 traballadores/as (66,2%), fronte a porcentaxes por debaixo do 50% nos segmentos de 3 a 5 traballadores/as, (47,2%) e de máis de 10 traballadores/as (49,3%).

**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a irrupción e introdución da IA no sector cultural suporá a perda de postos de traballo no seu sector**


	Moi de acordo	Bastante de acordo	Pouco de acordo	Nada de acordo	Ns/Nc
<i>Tipo de entidade</i>					
Empresa	22,8	32,4	25,9	16,2	2,7
Profesional autónomo	32,5	36,4	13,8	12,1	5,2
Administración pública	20,7	29,8	30,0	15,3	4,2
Entidade sen ánimo de lucro	25,4	25,7	23,4	12,7	12,8
Total	24,3	31,9	24,3	15,0	4,5
<i>Facturación en 2023</i>					
Menos de 50.000 €	29,8	33,3	19,0	12,5	5,5
De 50.000 € a 149.999 €	25,8	29,9	25,9	14,1	4,3
De 150.000 € a 499.999 €	20,3	33,6	25,4	16,4	4,3
500.000 € ou máis	15,5	30,1	32,3	19,6	2,6
Ns/Nc	16,5	29,6	25,3	23,2	5,5
Total	24,3	31,9	24,3	15,0	4,5
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>					
Ningún, só voluntariado	19,2	34,0	25,2	10,7	10,9
1 ou 2 empregados/as	30,0	36,1	16,2	12,4	5,3
De 3 a 5 empregados/as	21,8	25,4	29,7	17,8	5,2
De 6 a 10 empregados/as	18,2	32,6	28,5	19,0	1,7
Máis de 10 empregados/as	19,4	29,9	32,0	15,0	3,7
Ns/Nc	33,3	41,3	25,4	0,0	0,0
Total	24,3	31,9	24,3	15,0	4,5

Fonte: Elaboración propia

A afirmación de que a introdución da IA no sector cultural xerará un impacto negativo na asistencia presencial a espectáculos e nas visitas a espazos culturais ao incrementar o consumo cultural individual por medios dixitais é a que concita maior división e equilibrio nas respostas, pois mentres que se amosa pouco ou nada de acordo un 46,2% das persoas entrevistadas, maniféstanse bastante ou moi de acordo un 46,9%. A análise das variables independentes non indicaron diferenzas significativas, o que implica que a distribución deste grao de acordo é similar en todas as entidades da cultura.




**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a introdución da IA no sector cultural xerará un impacto negativo na asistencia presencial a espectáculos e nas visitas a espazos culturais ao incrementar o consumo cultural individual por medios dixitais**



Fonte: Elaboración propia

A última variable desta batería de afirmacións sobre posibles vantaxes e desvantaxes da introdución da IA no sector cultural alude á posibilidade de que constitúa unha ameaza para a propiedade intelectual e os dereitos de autor, enunciado que acada moito ou bastante acordo (75,2%).

**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a introdución da IA no sector cultural constituirá unha ameaza para a propiedade intelectual e os dereitos de autor**



Fonte: Elaboración propia

O tipo de entidade que en maior medida manifesta o seu acordo con que se pode producir esa desvantaxe é o dos profesionais autónomos, xa que un 86,6% dese segmento está de acordo con esta afirmación, mentres que nos demais tipos de entidade as porcentaxes se sitúan entre o 71,4% e o 72,7%.

**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre se a irrupción e introdución da IA no sector cultural constituirá unha ameaza para a propiedade intelectual e os dereitos de autor**

Tipo de entidade	Moi de acordo	Bastante de acordo	Pouco de acordo	Nada de acordo	Ns/Nc
Empresa	34,6	38,1	16,2	7,7	3,4
Profesional autónomo	48,1	38,5	6,4	1,6	5,4
Administración pública	36,4	38,6	13,0	6,1	5,9
Entidade sen ánimo de lucro	35,5	35,9	12,9	5,8	9,9
Total	37,2	38,0	13,7	6,2	4,9

Fonte: Elaboración propia


En boa parte das anteriores variables apreciábase certa división nas opinións, con porcentaxes de acordo e desacordo nalgúns casos moi repartidas, mentres que noutras predominaban con claridade as posicións contrarias ao impacto da IA no sector. Da análise en conxunto das variables desa serie de valoracións dos potenciais impactos da IA no ámbito cultural, poderíase concluír que se constata un maior acordo cos enunciados que sinalan posibles desvantaxes e un maior desacordo cos que afirman posibles vantaxes, agás no caso da potencialidade da IA para contribuír á protección do patrimonio cultural, onde predomina o acordo.

Para completar a información sobre as fortalezas concretas da IA na cultura quíxose recoller tamén unha opinión global ao respecto. Con ese propósito pediúselles ás persoas entrevistadas que indicasen con cal dos dous enunciados propostos se amosaban máis de acordo: co que resalta a utilidade da IA ou co que indica a ameaza que supón para o sector cultural.

O resultado volveu achegar respostas moi repartidas entre o acordo e o desacordo, pero esta vez predominou a valoración positiva. Así, o enunciado que afirma que a IA será unha ferramenta útil para o labor creativo e o sector cultural pode tirar proveito da súa incorporación logrou 4 puntos porcentuais máis (48,9%) que a que sinala que, a pesar das posibles vantaxes, a IA será unha ameaza para a creatividade e, polo tanto, para o conxunto do sector cultural (44,9%), polo que a confianza no predominio das

vantaxes se sitúa lixeiramente por riba do temor polo predominio das desvantaxes.

**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre as vantaxes e desvantaxes que pode supor a IA**



Fonte: Elaboración propia

Con porcentaxes tan repartidas entre unha opinión positiva e unha negativa non é de estrañar que tamén na análise de variables se rexistren valores moi distribuídos en cada segmento.

Por actividade específica, o cruzamento amosa unha opinión maioritariamente positiva nos segmentos do audiovisual (67%), museos (55,3%) e artes visuais (52,8%), mentres que a visión maioritariamente negativa predomina nos da educación cultural (59,2%), a edición de libros (55,9%), a música (54,3%), as artes gráficas (52,7%) e o teatro e a danza (50%).

O cruzamento por tipo de entidade, o contrapón unha opinión maioritariamente positiva por parte das empresas (55,8%) cunha fundamentalmente negativa entre os profesionais autónomos (57,7%) e a Administración pública (52,5%). As entidades sen ánimo de lucro inclínanse lixeiramente a favor da visión positiva (45,8%), pero con apenas 2 puntos porcentuais de diferenza.

En canto aos demais cruzamentos significativos, a opinión positiva sobre o impacto da IA no sector é máis sinalada canto maior é a facturación da entidade: pasa do 37,9% no treito de menos de 50.000 euros, o

único en que predomina a visión negativa, ao 62,3% no de 500.000 euros en diante. Por volume de persoal esa valoración positiva predomina nos tres segmentos de maior número de traballadores/as, é dicir, nos de 3 ou máis traballadores/as: valores entre o 52,3% e o 55,3% nos tres segmentos, fronte ao 37,1% das entidades con só persoal voluntario ou ao 41,8% das que só teñen 1 ou 2 empregados/as, segmentos en que predomina a visión negativa, cos respectivos 52,2% e 49,8%.

**Porcentaxe de persoas segundo a súa opinión sobre as vantaxes e desvantaxes que pode supor a IA**

	A pesar das posibles ameazas, a IA será unha ferramenta útil para o labor creativo e o sector cultural pode tirar proveito da súa incorporación	A pesar das posibles vantaxes, a IA será unha ameaza para a creatividade e o sector cultural	Ns/Nc
<i>Actividade específica</i>			
Artes gráficas e actividades relacionadas	41,8	52,7	5,5
Comercio de libros e publicacións periódicas	36,3	48,4	15,4
Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas	38,1	55,9	5,9
Audiovisual e actividades relacionadas	67,0	30,9	2,1
Artes visuais	52,8	40,7	6,5
Música	34,8	54,3	10,9
Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas	42,9	50,0	7,1
Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural	55,3	35,6	9,1
Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas	45,1	41,8	13,2
Educación cultural	40,8	59,2	0,0
Actividades das administracións públicas	48,4	48,4	3,1
Total	48,9	44,9	6,2
<i>Tipo de entidade</i>			
Empresa	55,8	39,0	5,2
Profesional autónomo	33,1	57,7	9,2
Administración pública	43,6	52,5	3,8
Entidade sen ánimo de lucro	45,8	43,9	10,3
Total	48,9	44,9	6,2
<i>Facturación en 2023</i>			
Menos de 50.000 €	37,9	54,1	8,0
De 50.000 € a 149.999 €	52,8	42,6	4,6
De 150.000 € a 499.999 €	53,3	40,6	6,1



500.000 € ou máis	62,3	34,2	3,5
Ns/Nc	44,3	40,8	14,9
Total	48,9	44,9	6,2
<i>Número total de traballadores/as (incluída a dirección) a finais de 2023</i>			
Ningún, só voluntariado	37,1	52,2	10,7
1 ou 2 empregados/as	41,8	49,8	8,4
De 3 a 5 empregados/as	54,6	39,3	6,1
De 6 a 10 empregados/as	52,3	42,3	5,4
Máis de 10 empregados/as	55,3	42,9	1,8
Ns/Nc	53,5	41,6	4,9
Total	48,9	44,9	6,2

Fonte: Elaboración propia

## Conclusións

O coñecemento e o uso da IA na cultura galega revelan unha división significativa: un 52,6% das persoas responsables de entidades culturais enquisadas admite que non ten coñecementos suficientes sobre IA, mentres que un 46,5% afirma que posúe un nivel elemental de dominio sobre esta materia. Este último grupo inclúe tanto profesionais con coñecementos básicos como aqueles con habilidades máis avanzadas para empregar esta tecnoloxía nos seus ámbitos de traballo.

Os sectores do audiovisual e das artes visuais (que inclúe deseño, fotografía, arquitectura e publicidade) destacan por ter unha maior proporción de profesionais que coñecen e empregan a IA, con porcentaxes de coñecemento e uso do 63,9% e 61,8% respectivamente. Esta familiaridade supera amplamente a doutras áreas como a edición de libros (47,5%) e o teatro e danza (40,5%). No extremo oposto atópanse os departamentos de cultura das diferentes administracións públicas, a música, o comercio de libros e publicacións periódicas e as relacionadas con arquivos e bibliotecas, nas que menos do 25% dos profesionais indica que ten coñecementos sobre IA.

Pese a este relativo dominio da intelixencia artificial, o uso no ámbito profesional é menor. Un 28,6% das persoas enquisadas sinalou que empregou a tecnoloxía no seu traballo, un 18,5% utilizouna de maneira ocasional e un 10,1% fíxoo de forma frecuente. Non obstante, un 44,2% afirmou que nunca empregou a IA. Os sectores do audiovisual e das artes visuais son os que presentan os maiores índices de utilización, con porcentaxes de uso profesional do 44,3% e 43,1% respectivamente. O comercio de

libros e publicacións periódicas (6,6%), as administracións públicas (7,8%) e os arquivos e bibliotecas (8,8%) teñen usos moito máis discretos. Os profesionais autónomos e as empresas son os que máis utilizan a IA (41,2% e 31,5%). Na Administración pública e entidades sen ánimo de lucro o uso non chega ao 19%.

A incorporación de proxectos específicos relacionados coa IA nas organizacións é relativamente baixa, con só un 14,9% das entidades que iniciaron ou planifican emprender proxectos de IA. A pesar disto, unha maior facturación ou orzamento parece que están relacionados cun maior uso ocasional da IA para fins profesionais. Así, cómpre salientar que as empresas con maiores ingresos son as que máis empregan a IA (27,8%).

As expectativas sobre o uso futuro da IA son considerablemente altas, cun 42,9% de entidades que espera incorporar esta tecnoloxía nalgúns dos seus procesos e un 20,6% que anticipa un uso extensivo. A visión sobre o emprego futuro da IA é máis optimista entre as administracións públicas e os profesionais autónomos, o que indica unha tendencia cara a unha maior integración desta tecnoloxía en diversas facetas das actividades profesionais e culturais nos vindeiros anos. En xeral, as persoas responsables das entidades tenden a pensar que haberá maior implantación no ámbito de actividade no que se desenvolven que na propia entidade.

O coñecemento sobre o impulso dunha lexislación europea sobre o uso da IA é relativamente extenso e chega ata o 73,3% das persoas entrevistadas.

Existe unha lixeira visión positiva con respecto a que a IA será unha ferramenta útil para o labor creativo e que o sector cultural pode tirar proveito da súa incorporación (48,9%), malia que tamén aparece unha porcentaxe importante de responsables da cultura que pensan máis ben o contrario (44,9%). Podería dicirse que hai un pequeno dominio na percepción das vantaxes sobre as desvantaxes que poden supoñer as ferramentas que ofrece a IA para a cultura. A opinión máis optimista dáse nos ámbitos do audiovisual, os museos e as artes visuais, mentres que se perciben máis ameazas na educación cultural, a edición, a música, as artes visuais e o teatro e danza.

Esta visión repartida de oportunidades e ameazas pode verse ao analizar algúns ámbitos concretos. Así, conforman practicamente a metade da

mostra as persoas que cren que haberá un impacto negativo na asistencia presencial a espectáculos e nas visitas a espazos culturais ao incrementarse o consumo cultural individual por medios dixitais, mentres que a outra metade se amosa en desacordo.

Tamén se percibe certa división sobre a cuestión de se o uso de IA poderá dar lugar a unha produción cultural que reproduza nesgos e prexuízos, como a discriminación por xénero, racial ou sobre gustos non maioritarios dos consumidores culturais. Esta afirmación acéptaa en maior menor medida o 45,7% dos xestores, 4,6 puntos máis dos que a rexeitan. Ao tempo, o 43,2% cre que a IA axudará a configurar unha oferta cultural personalizada ao identificar os gustos de cada usuario, mentres que un 49,6% discrepa.

Algo máis de acordo suscita o feito de que un 56,2% pensa que a introdución da IA no sector cultural suporá a perda de postos de traballo, mentres que un 39,3% cre que non. Un 58,2% non pensa que o uso destas ferramentas facilite un acceso máis inclusivo e democrático aos contidos culturais. Tamén se pode destacar que un 55,2% dubida que a introdución da IA no sector cultural axude a xerar contidos culturais orixinais, mentres que un 39,2% máis ben cre que si o fará.

Unha división de opinións similar xera o feito de que a IA comportará unha vantaxe para as linguas minoritarias como o galego ao facilitar a difusión e o acceso a contidos, cunha visión maioritariamente negativa 55,1%, pero cunha porcentaxe importante que pensa o contrario (36%).

En cambio, outros aspectos da IA xeran consensos claramente negativos para a cultura. Un dos temores máis compartidos é que vai ser unha ameaza ao facer posible a suplantación de identidades e as hipertrucaxes (*deepfakes*), unha opinión que comparte o 84,3% das persoas responsables das entidades da cultura. Unha porcentaxe similar (83,7%) cre que suporá un risco para a privacidade e a protección de datos. Por último, un 75,2% pensa que a introdución da IA no sector cultural será un problema para a propiedade intelectual e os dereitos de autor e un 68,8% opina que incrementará a homoxeneidade na produción e a redución da orixinalidade e variedade de contidos, e polo tanto unha perda de autenticidade e diversidade.



Pola contra, o 62% está bastante ou moi de acordo con que a introdución da IA no sector axudará na preservación do patrimonio cultural ao analizar e catalogar gran cantidade de contidos e contribuír a restaurar obras de arte etc. Tamén hai un acordo claro (80,7% de persoas entrevistadas) en que esta suporá un cambio nas competencias dos profesionais do sector que esixirá formación específica.